



DEPORTE
GALEGO

OPEN MAR-COSTA VETERANOS 2025

O Campionato Galego Open Mar-Costa Veteranos está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. A Competición rexerese, ademais de por estas bases, polas normas de pesca de Galicia e polo Regulamento de Competición de Pesca Deportiva e Casting da F.G.P. e C.

Lugar e Data: **22 de marzo** do 2025 na praia de Laxe
Escenario alternativo: Praia da Langosteira (Fisterra)
Data alternativa 29 de marzo.

Os deportistas terán que facer para a súa inscrición un ingreso de 45,00 €, por deportista, (20+25) na conta da F.G.P. en ABANCA: ES34 2080 0176 9630 4001 0672 ata a data linde do 14 de marzo do 2025 ás 12,00 horas. As inscricións cómpre facelas exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org acompañando o xustificante de pago.

SUSPENDIDO

Para aqueles clubs que non tramitasen un mínimo de 20 tickets federativos no 2024, o importe da inscrición será de 75,- € por deportista inscrito, (50+25).

É obrigatorio que cada Club achegue unha persoa por cada catro deportistas inscritos, para facer labores de Control. O non cumprimento desta obriga fará que os membros do Club non poidan participar na competición. De ser necesario aplicarase a excepción acordada polo Comité de Mar Costa. Os deportistas participantes deberán de ter cumpridos ou cumprir os 53 anos de idade na tempada 2025.

Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do ano 2026. A selección que represente a Galicia integrarana os catro primeiros deportistas da clasificación final, que no 2025 non houbesen participado previamente, nin participen posteriormente, no autonómico ou selectivo clasificatorios para o nacional de categoría absoluta da mesma especialidade.

BASES

Xurado: Estará composto polos tres Representantes dos deportistas para o Sorteio, dous membros da organización e o xuíz da competición

Mangas: Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como no remate da manga será indicado con sinais acústicas.

Cada Club poderá facer unha primeira inscrición de, como máximo, 5 deportistas.